

CONTRATO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL

Este contrato (antigo contrato en prácticas) vén regulado no [artigo 11 apartado 3 do Estatuto dos Traballadores](#).

O contrato para a obtención da práctica profesional [pódese celebrar](#) con quen estea en posesión dun título universitario ou un título de grao medio ou superior, especialista, máster, certificado do sistema de formación profesional, ou un título de ensinos artísticos ou deportivos do sistema educativo.

[Non poderá celebrarse](#) con quen xa obtivese experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a 3 meses. Para estes efectos, non se computarán os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación.

O posto de traballo deberá permitir a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos ou de formación que dan lugar ao contrato. [A empresa terá a obrigaón](#) de elaborar un plan formativo individual no que se especifique o contido da práctica profesional e deberá asignarlle un titor para o seu seguimento.

Duración. Ata os 3 anos posteriores á terminación dos estudos. En caso de persoa con discapacidade o límite queda establecido nos 5 anos posteriores. O contrato non pode ser inferior a 6 meses nin superar a duración de 1 ano (antes 2 anos), aínda que este límite non será aplicable cando se concierte con persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. A efectos da duración máxima débense computar todos os contratos que se formalizaron coa mesma ou distintas empresas para a obtención da práctica profesional. O período de proba é máximo de 1 mes, ampliable mediante negociación colectiva. Ao finalizar o contrato, se o traballador fose contratado baixo outra modalidade, non se pode establecer un novo período de proba.

Retribución. A retribución aplicable vai ser a que fixe para estes contratos o convenio colectivo aplicable na empresa, pero na súa falta, vai ser a do grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas, co límite da retribución mínima establecida para o contrato para a formación en alternancia e SMI en proporción ao tempo de traballo efectivo. Non poderán realizar horas extraordinarias, salvo por causas de forza maior.

Tempo de traballo. O establecido no contrato.

EMPREGO ESTABLE, EMPREGO CON DEREITOS, POR DIGNIDADE

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>